

HOMENAXE A XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ (2)

# Estudios sobre Paleolítico

Coordinador: Eduardo Méndez Quintas



A edición deste volume foi posible grazas a un convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia e o Instituto de Estudos Miñoranos.

© Da presente edición: Instituto de Estudos Miñoranos

© Do texto e fotos: Os autores

*Coordinador da edición:* Eduardo Méndez Quintas

*Deseño da cuberta:* Pedro Telmo Rodríguez Castro

*Deseño e maquetación:* Daniel Sotelo

*Debuxo da cuberta:* Iván Rodríguez Castro,  
sobre apuntamentos de X.M. Álvarez Blázquez

*Asesoramento Lingüístico:* Miguel Anxo Mourillo

*Transcrición dos textos:* Rosana Estévez

*Edición ao coidado de:* Antón Mascato

*Execución gráfica:* Obradoiro de Nova Galicia Edicións  
novagalicia@novagalicia.com

Dep. Legal: VG-572-2008

ISBN: 978-84-96950-72-6

**Instituto de Estudos Miñoranos (IEM)**

Director: Carlos Méixome Quinteiro

Apartado 30

36380 Gondomar

<http://www.minhor.org/>

e-mail: [direccion@minhor.org](mailto:direccion@minhor.org)



<b>PRESENTACIÓNS</b> .....	7
Un impulsor dos estudos do Paleolítico en Galicia. O exemplo de Álvarez Bázquez <i>Emiliano Aguirre</i>	9
A investigación do Paleolítico antigo en España. Un antes e un despois prometedor <i>Manuel Santonja</i>	13
Álvarez Blázquez e o Paleolítico Galego <i>Eduardo Méndez Quintas</i>	17
<b>ARTIGOS</b> .....	19
O Paleolítico antigo na Península Ibérica <i>Eduardo Méndez Quintas / Manuel Santonja / Alfredo Pérez-González</i>	21
Atapuerca: un millón de anos de evolución humana <i>Xosé Pedro Rodríguez Álvarez / Marina Lozano</i>	75
O extraordinario patrimonio arqueopaleontolóxico de Orce e a polémica do fragmento cranial de Venta Micena: nin homínido, nin équido <i>Bienvenido Martínez-Navarro</i>	115
Irikaitz (Zestoa, País Vasco). Tafonomía dun depósito pleistocénico ao aire libre <i>Álvaro Arrizabalaga / María José Iriarte</i>	139
O Paleolítico Medio no nordés peninsular: estudo tecnolóxico dos xacementos do Puig Marí e Can Planiol (Catalunya) <i>Am Iia Bargalló Ferrerons / Joan Garcia / Kenneth Martínez</i>	163

Cueva del Ángel (Lucerna, Córdoba), un hábitat achelense no sur de España <i>Cecilio Barroso Ruiz / Daniel Botella Ortega / José Antonio Riquelme Cantal</i>	177
A Cova del Bolomor (Tavernes de la Valldigna, Valencia) no contexto do Pleistoceno Medio <i>Josep Fernández Peris / Susana Alonso / Virginia Barciela González / Ruth Blasco / Alfred Sanchis Serra / Pablo Sañudo Die</i>	193
Estudo xeoarqueolóxico das terrazas complexas dos vales Manzanares e Jarama (Madrid) <i>Joaquín Panera Gallego / Susana Rubio Jara / Alfredo Pérez-González / David Uribelarrea del Val</i>	223
O Paleolítico Inferior e Medio no calerizo cacereño: a industria lítica das covas de Maltravieso e Santa Ana (Cáceres, Extremadura) <i>Luna Peña / Antoni Canals / Marina Mosquera</i>	243
O achelense na cunca do Texo: sector Añover de Tajo-embalse de Valdecañas <i>Juan Rodríguez de Tembleque / Manuel Santonja Gómez / Alfredo Pérez-González</i>	271
O Paleolítico Superior portugués 30.000 anos despois <i>Jo o Zilhão</i>	293
A cunca media no Miño dentro das ocupacións paleolíticas do NW peninsular <i>Arturo de Lombera Hermida / Manuel Vaquero Rodríguez / Susana Alonso Fernández / Xosé Pedro Rodríguez Álvarez / Talía Lazuén Fernández / Ramón Fábregas Valcarce</i>	321
Secuencia do Paleolítico Superior en Galicia <i>Rosa Villar Quinteiro</i>	347
Flk Zinj (Leito I de Olduvai) como o lugar central de forraxeo máis antigo. Novo estudo tafonómico dos xacementos do leito I de Olduvai <i>Manuel Domínguez-Rodrigo / Rebeca Barba Egado</i>	373
Índice de autores	411

Arturo de Lombera Hermida<sup>(1,3)</sup>/  
Manuel Vaquero Rodríguez<sup>(1)</sup>/  
Susana Alonso Fernández<sup>(1)</sup>/  
Xosé Pedro Rodríguez Álvarez<sup>(1)</sup>/  
Talía Lazuén Fernández<sup>(2)</sup>/  
Ramón Fábregas Valcarce<sup>(2)</sup>

(1) IPHES (Institut Català de Paleoecologia Humana i Evolució Social). Area de Prehistòria (Universitat Rovira i Virgili)

(2) Dpto. de Ciencias Históricas. Univ. de Cantabria

(3) Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste (GEPN). Universidade de Santiago de Compostela

## A cunca media no Miño dentro das ocupacións paleolíticas do NW peninsular

### Resumo

*A cunca media do Miño é unha das áreas máis interesantes para estudar a evolución das estratexias de ocupación prehistóricas. Os traballos arqueolóxicos desenvolvidos na cunca de Monforte depararon o descubrimento de novos xacementos arqueolóxicos que estenden a ocupación humana nesta área dende o Paleolítico Inferior ata os momentos finais do Paleolítico Superior. Nas montañas do Leste de Galicia, a escavación no interior de covas mostrou que estas foron ocupadas durante o Paleolítico Superior. Na cunca Media do Miño recoñecemos unha ocupación continua ao longo do Pleistoceno Medio e Superior, converténdose así nun lugar único en NW Ibérico onde os patróns de ocupación e cambio ambiental poden ser estudados durante a maior parte do Pleistoceno.*

### Palabras clave

*Pleistoceno, NW Ibérico, Paleolítico Inferior, Paleolítico Superior, Industria Lítica, Xacementos en cova, Xacementos ao aire libre.*

### Abstract

*The Middle Miño Basin is one of the most interesting areas to study the evolution of prehistoric settlement strategies. Archaeological works carried out in the Monforte basin have yielded new archaeological sites that extend the human settlement in this area from the Lower Palaeolithic until the final moments of the Upper Palaeolithic. In the mountains to the East of Galicia excavation undertaken in caves has shown that these have been occupied during the Upper Palaeolithic. In the Middle Miño Basin we have recognized a continuous settlement along the Middle and Upper Pleistocene, thus becoming a unique place in NW Iberia where settlement patterns and environmental change can be studied during the whole Pleistocene.*

### Keywords

*Pleistocene, NW Iberia, Lower Palaeolithic, Upper Palaeolithic, Lithic industries, Cave sites, Open-air sites.*

## INTRODUCCIÓN

Dende os comezos da investigación o estudo do Paleolítico no NW peninsular estivo ligado a actuacións e atencións particulares, que, debido ao seu carácter, non gozaron de continuidade aínda que ofreceron grandes avances tanto na descuberta de novos xacementos como na consolidación da investigación. Á súa vez, estas descubertas atraeron a atención dos estudosos da prehistoria antiga, contribuíndo a incrementar en gran medida o número de xacementos e estacións paleolíticas nunha determinada zona, pero redundando nos coñecementos acadados. Soamente o interese doutros investigadores noutras zonas de Galicia (v.g. J. Ramil Soneira, Rodríguez Gracia, Vázquez-Monxardín entre outros destacados) e a descuberta de novas estacións contribuíron a ampliar o mapa das evidencias paleolíticas no NW, así como o abano cronolóxico das ocupacións. Deste xeito, na década dos setenta do século pasado quedaron configurados os tres grandes focos na investigación do Paleolítico, artellados en torno aos diferentes tramos do río Miño (Baixo-Miño; rexión ourensán, e zona do Xistral). Malia contar con xacementos de diversos períodos cronoculturais, foron moi escasas, por non dicir que ausentes, as postas en conxunto á hora de artellar o pobramento paleolítico no NW peninsular. Nos seguintes anos o mapa das ocupacións paleolíticas apenas experimentará variacións, destacando as escavacións e sondaxes en cavidades da parte oriental de Galicia.

Xunto co desenvolvemento focalizado e illado da investigación, dentro dos condicionantes debemos engadir os aspectos xeográficos do NW. En primeiro lugar, dadas as características orográficas do medio, a escaseza de cursos fluviais de certa entidade e o encaixamento que sofren durante grandes tramos non son favorables ao desenvol-

vemento de grandes formacións e secuencias de terrazas e depósitos aluviais (*Miño, Tambre*). En segundo lugar obra o limitado das grandes bacías sedimentarias con amplos rexistros sedimentarios pleistocenos conservados. Finalmente, a ampla extensión do substrato granítico no NW peninsular onde o alto grao de alteración e a forte incidencia dos procesos erosivos non permiten unha conservación óptima dos xacementos que aparecen, na maioría das veces, en posición secundaria asociados a niveis coluviais ou a pequenas cubetas (caso das penechairs ourensáns) (Costa Casais *et al.*, 1998).

## O MARCO DE ESTUDO

Neste contexto da investigación a cunca media do Miño preséntase como unha das áreas do Noroeste peninsular cun gran interese de cara a artellar o poboamento paleolítico. Por unha banda, é unha zona de contacto entre as diferentes áreas do norte e noroeste peninsular, sendo zona de paso cara á Meseta Norte a través do val do Sil e á Cornixa Cantábrica ao longo do val do Navia, así coma zona de comunicación do norte de Lugo (Xistral), a través da Depresión de Sarria, e as penechairs ourensáns e Baixo Miño polo val deste río. Xunto ao seu enclave xeográfico, neste sector conxúganse varias estruturas xeolóxicas que aportan diferentes datos complementarios á investigación. Na parte oriental, no límite con Asturias e Castela e León, atópanse as principais formacións calcarias galegas. A extensión destes sedimentos, a diferenza coas rexións cantábricas, non ten un desenvolvemento tan importante, localizándose na parte oriental das provincias de Lugo e Ourense en pequenas bandas que discorren dende o NE de Ourense (Rubiá) ata o NE da provincia de Lugo (desembocadura do Eo). Dentro deste grupo de depósitos carbonatados pódense diferenciar tres grandes formacións datadas no Cámbrico Inferior e Medio e no Ordovícico Superior, sedimentadas nun ambiente de plataforma (nos primeiros casos), e arrecifal (no Ordovícico) (Taboada e Silva, 1999):

- *Calcaria de Cándana* (Cámbrico inferior): Estas calcarias e formacións marmóreas aparecen en capas de potencia e desenvolvemento moi variable, intercaladas entre as lousas da Cándana, conservando, en gran medida, unha apreciable esquistosidade.

- *Calcaria de Vegadeo* (Cámbrico Inferior-Medio): É a formación de maior extensión no NW con grandes bancos que sobresaen no terreo. Presenta unha menor variabilidade lateral que a formación anterior, aínda que se poden apreciar diferenzas no espesor, acadando a maior potencia no sector de Becerreá, con 220 metros.

- *Calcaria de Aquitania* (Ordovícico): Formación calcaria de posible orixe arrecifal que se asenta sobre as lousas de Luarca, presentando unha potencia variable, que pode atinxir os 200 metros. A súa distribución é moito menor ca das formacións anteriores e máis dispersa, quizais debido á súa orixe arrecifal.

Deste xeito, e sempre relacionadas coas dúas primeiras formacións, pódense identificar cinco zonas principais onde se documentan os complexos kársticos de maior entidade: Mondoñedo (Lugo) destacando a Cova do Rei Cintolo (Villar Quinteiro, 2003; 2007); Val de Louzara (Samos, Lugo); Furco-Becerreá, onde se atopa a cova de Valdavara; Pedrafita-O Courel (Lugo), e finalmente a zona de Covas-Serra de Encina da Lastra (Rubiá, Ourense) destacando o xacemento de Pala da Vella (Fig. 1) (Fernández Rodríguez, *et al.*, 1993; Vázquez Monxardín, 1988). O estudo de asentamentos en cova ofrécenos unha mellor calidade do rexistro arqueolóxico, tanto na maior variedade de restos (posible conservación de fogares, restos paleontolóxicos, etc) como no tipo e calidade da información conservada (áreas de actividade, información espacial, etc.), sempre que a cova non sufrira en gran medida as accións dos efectos postdeposicionais. A nivel de reconstrución paleoambiental, a zona oriental galega érguese como unha das zonas máis interesantes, xa que a maioría dos xacementos paleontolóxicos atópanse relacionados con estas formacións, ofrecendo importantes datos de cara a reconstrución da fauna cuaternaria no NW peninsular (Fernández Rodríguez, 1993; Grandal D´Anglade, 1997). Á súa vez, o importante desenvolvemento das formas e depósitos glaciares e periglaciares identificados nesta zona achéganos información sobre a evolución das condicións climáticas no interior de Galicia durante os momentos finais do Pleistoceno (Pérez Alberti, *et al.*, 1993; Pérez e Valcárcel, 1997; Vidal Romaní, *et al.*, 1999).






Fig. 1. Distribución das principais formacións calizas e cuncas terciarias no NW peninsular (a partir de Taboada e Silva, 1999; Santancha Prat, 1994): 1. Depresión de Monforte; 2. Quiroga; 3. Cova de Valdavara; 4. Cova de Xato.

Xunto ás formacións calcarias, documéntase a presenza das grandes cuncas terciarias do NW peninsular (Sarria, Monforte, Quiroga, etc.) (Fig. 1). Os amplos afloramentos terciarios que se estenden aos pés das principais formacións montañosas (Serras do Courel e Ancares) forman unha aliñación continua que vai dende a Terra Chá ao norte, ata a cunca de Xinzo de Limia. Estas depresións estarían relacionadas con fenómenos de subsidencia debido ao encabalgamento das Serras Orientais e á reactivación durante a oroxenia alpina das fallas tardihercínicas preexistentes, o que explicaría a individualización en cubetas ao longo da banda paralela ás Serras do Courel e Ancares (cuncas de *hinterland*) (Santanach Prat, 1994). As cuncas conservan grandes extensións de sedimentos pleistocenos nas súas vertentes.

tes, o que as converte nun dos lugares de maior importancia de cara a estudar a evolución das ocupacións paleolíticas ao aire libre. Se ben teñen un grande interese arqueolóxico e xeolóxico, son moi poucos os estudos realizados nestas formacións, agás no caso das cuncas cun interese económico (explotación lignitífera de As Pontes) ou certos estudos illados (Depresión de Maceda) (Santanach Prat, 1994; Pérez Alberti, et al., 1993). Serán as Depresións de Monforte de Lemos e Quiroga (no sur de Lugo) as que ata a presente data ofrezan evidencias de ocupacións paleolíticas nas súas vertentes (Fábregas, *et al.*, 2007; Fábregas, *et al.* e.p.).

Finalmente, o marco de estudo do presente proxecto enmárcase entre os principais cursos fluviais do NW: o río Miño ao oeste e o Sil ao sur. Ámbolos dous cursos discorren encaixados no sector que nos ocupa. No tramo do río Sil que vai dende a confluencia co río Lor ata a súa desembocadura no Miño (Canóns do Sil) e o tramo do Miño entre Portomarín e Os Peares, encaixado na Superficie de Chantada. Nembargante, consérvanse algunhas formacións de terrazas nestes sectores, aínda que a súa extensión é moi reducida (Vidal Romaní, *et al.*, 1998).

Ademais da variedade de formacións xeolóxicas, un dos aspectos máis salientables é a relación existente entre elas. Os principais ríos do NW están relacionados cas Depresións terciarias, xa sexa a través dos cursos tributarios (Monforte) ou en relación directa co curso principal (Quiroga, O Barco) (Vidal Romaní, et al., 1998). Á súa vez, serven de vía de comunicación desta zona cos principais focos da investigación paleolítica galega. As cavidades con fauna do Pleistoceno atópanse dende as cotas de 1000-800 metros na Serra do Courel e Ancares, ata as estribacións occidentais, a cotas de 700-600 metros, xa nos límites coas principais cuncas terciarias. Deste xeito podemos estudar a complementariedade dos asentamentos en cova e ao aire libre e a súa relación, principalmente a través dos estudos xeomorfolóxicos e palinolóxicos, cos cambios nas condicións climáticas. A existencia de xacementos arqueo-paleontolóxicos en cova, xacementos ao aire libre nas Depresións terciarias, así como o desenvolvemento dos diferentes estudos de reconstrución paleoambiental levados a cabo nesta zona permitirán realizar unha aproximación integral e interdisciplinar aos patróns de ocupación e estratexias de subsistencia das comunidades paleolíticas no interior de Galicia.

Ata a data as únicas referencias sobre o Paleolítico no interior de Galicia, cinguíase a dous achados illados de bifaces en cuarcita no embalse de Peares, no río Miño, e na parroquia de Vilaescura, xa na Depresión de Monforte (Vázquez Varela, 1973). Sen embargo, esta escaseza de referencias arqueolóxicas contrasta coa riqueza en achados paleontolóxicos, xa sexan illados ou froito dunha intervención sistemática, en diversas covas das Serras do Courel e Ancares. Os restos paleontolóxicos semellan corresponderse con momentos do Pleistoceno Superior e Holoceno, dominando no rexistro a presenza de úrsidos (*Ursus spelaeus* e *Ursus arctos*) e cérvidos (*Cervus elaphus*), así como équidos, súidos e bóvidos, destacando as cavidades de Cova Eirós, Liñares Sur, Valdeabraira, Praducelos, etc. (Grandal D´Anglade, 1997; López Rodríguez e Grandal D´Anglade, 1998). Nunha explotación de Buxán foron atopados os únicos restos de proboscídeos do NW peninsular (*Elephas primigenius*) (Torre Enciso, 1962). As intervencións arqueolóxicas en cavidades levadas a cabo entre finais dos oitenta e comezos dos noventa ampliaron considerablemente o espectro faunístico, posibilitando unha maior contextualización paleoambiental das ocupacións e a comprensión das estratexias de subsistencia das comunidades paleolíticas. Neste senso, destacan os achados da Cova da Valiña (Castroverde) (Llana Rodríguez e Soto Barreiro, 1991; Fernández Rodríguez, 1993) e o nivel paleontolóxico de Pala da Vella (Fernández Rodríguez e Villar Quinteiro, 2003) onde ademais das especies devanditas, atopáronse varias especies de carnívoros (*Crocuta crocuta*, *Canis lupus*, etc.), lagomorfos e rinocerontes entre outras, así como restos de micromamíferos. A pesar do gran número de covas con restos paleontolóxicos, a escaseza de datacións absolutas e o carácter illado das intervencións non posibilitan realizar aínda unha secuenciación detallada dos cambios faunísticos e ambientais.

## OS ASENTAMENTOS AO AIRE LIBRE NAS DEPRESIÓNS TERCIARIAS

Ante este panorama a descuberta por parte de José Antonio Peña de varios instrumentos líticos na bacía de Monforte puxo de manifesto a importancia e intensidade do poboamento paleolítico na Depresión de Monforte de Lemos, unha área case que inédita na investigación. Os tra-

ballos levados a cabo durante estes anos centráronse na Depresión e ampliaron o ámbito de traballo á Depresión de Quiroga e ás cavidades das Serras orientais, corroborando a importancia da cunca media do Miño no coñecemento do paleolítico galego. O proxecto de investigación *Ocupacións humanas durante o Pleistoceno na cunca media do Miño* pretende desenvolver un estudo integral e secuencial do seu poboamento en relación cos cambios medioambientais.

A Depresión de Monforte de Lemos é unha gran bacía sedimentaria que se atopa subdividida en dúas grandes subconcas polos afloramentos cuarcíticos da Serra de Cubas e do Moncai. O sector nororiental é a Depresión de Bóveda-Brollón coñecida como Somoza Maior de Lemos, e ao sector suroccidental a Depresión de Monforte *sensu stricto*. A cunca foi colmatada de arxilas pardas e verdes durante o terciario, que se distribúen en estratos horizontais. Tras unha fase de neotectónica, depositáronse os sedimentos pleistocenos formados por niveis aluviais de cantos rodados que cobren a totalidade da Depresión dispostos nunha sucesión de varios chaos cunha potencia variable (Olmo Sanz, 1985). Na bacía prodúcese unha conservación diferencial dos niveis cuaternarios, quedando mellor definidos na parte norte. Os traballos de prospección levados a cabo nas parroquias do concello de Monforte (parroquias de Chao Fabeiro, Ribasaltas e Baamorto ao norte e Necedas, Gullade e Guntín ao sur), así como nas penechairs do Concello do Saviñao, e noutros sectores dos concellos de Bóveda e Sober, poñen de manifesto a extensión e intensidade da ocupación nesta zona. En total foron descubertos un total de 596 artefactos líticos en 30 estacións diferentes, aínda que a densidade das dispersións é moi variable, pasando de puntos con achados illados a concentracións de centos de pezas. Nun gran número de dispersións o alto grado de rodamiento das pezas indica que non se atopan en contexto primario, aínda que polas características topográficas do terreo, non se deben atopar moi afastadas do seu lugar de deposición orixinal, contexto moi común nos xacementos do NW (Costa Casais, *et al.*, 1998). Soamente foron recuperadas industrias en posición estratigráfica nos lugares de O Regueiral e Áspera.

Xunto co gran número de estacións nunha área tan reducida (cunca media de 6,3 puntos por Km<sup>2</sup>) o aspecto máis salientable da Depresión de Monforte é a diacronía que presenta na ocupación, o que nos

Material	BN1XC	BN1XE	BN2XC	BN2XE	Bna	BP	BPF	FBP	Frag	TOTAL
Chao de Fabeiro	8	3	7	2		4				24
%	33,33	12,50	29,17	8,33		16,67				
As Lamas	67	45	70	7	1	39		1		230
%	29,13	19,57	30,43	3,04	0,43	16,96		0,43		
Gándara Chá	1	2	1	2	1	24			1	32
%	3,13	6,25	3,13	6,25	3,13	75			3,13	
O Regueiral	4	2	5	1		9				21
%	19,05	9,52	23,81	4,76		42,86				
O Regueiral II	1	1	4			15	1	1		23
%	4,35	4,35	17,39			65,22	4,35	4,35		
As Gandariñas			5	2		8				15
%			33,33	13,33		53,33				
Gullade III		1	5			8				14
%		7,14	35,71			57,14				
Valverde		10	13	3	1	37	3	6	2	75
%		13,33	17,33	4	1,33	49,33	4	8	2,67	
<b>Total Catg</b>	<b>3</b>	<b>16</b>	<b>30</b>	<b>9</b>	<b>1</b>	<b>106</b>	<b>4</b>	<b>8</b>	<b>3</b>	<b>184</b>

Táboa. 1. Categorias estruturais dos principais xacementos.

permitirá observar nunha mesma área e medio xeográfico a evolución dos comportamentos tecnolóxicos, económicos e ocupacionais das comunidades plistocénicas que a habitaron. Ante a falla de datacións absolutas, as características morfotécnicas dos artefactos atopados e o contexto sedimentario das dispersións permítennos artellar de maneira preliminar a dinámica da ocupación na bacía de Monforte. A gran maioría das dispersións son adscritas ao Modo 2 Tecnolóxico (Achelen-se) aínda que presentan certa variabilidade que podería responder a factores tecnolóxicos, postdeposicionais ou a criterios de selección e recolección. Xunto co número de estacións adscritas ao Modo 2, tamén atopamos ao longo da Depresión xacementos e dispersións adscritas ao Paleolítico Medio (Modo 3) e Paleolítico Superior final (Modo 4) (Fábregas, *et al.*, 2007; Fábregas, *et al.*, en prensa) (Táboa. 1; Fig 2).

Ata a data, e ante a falla de datacións absolutas, as ocupacións máis antigas podemos situalas, segundo as características morfotécnicas e o contexto sedimentario, no lugar de Chao de Fabeiro onde foron atopa-






Fig. 2. Distribución dos principais asentamentos. CHF: Chao Fabeiro; LMS: As Lamas; CSR: O Casar; PDR: Pedras; GLL; Gullade; NBN: Nabán; GAN: A Gándara Chá; BVD: Bóveda; GLL: Gullade; RGL: O Regueiral; ASP: Áspera; VLV: Valverde; CX: Cova de Xato.

dos 26 artefactos en cuarcita (só hai un núcleo en seixo) e no que os cantos tallados, *choppers* e *chopping-tools* (BN1XC), e núcleos (BN1XE) con estratexias menos elaboradas predominan sobre os bifaces sobre canto e instrumentos sobre lasca (BN2XC). Sen embargo, o meirande número de xacementos identificados na bacía poden adscribirse ao Modo 2 pleno, destacando neste senso os lugares de As Lamas, As Gándaras, O Casar, Bóveda (no Concello de Bóveda), e algunhas dispersións nas parroquias de Gullade e Baamorto. Nestes conxuntos os bifaces sobre lasca e canto e os triedros dominan sobre os cantos tallados unifaciais e bifaciais (BN1XC) e instrumentos sobre lascas de pequeno formato, como as raedeiras e denticulados (BN2XC). Nos núcleos (BN1XE) as estratexias de explotación predominantes son as ortogonais e centrípetas, coa presenza esporádica dalgún núcleo discoidal (Fig. 3).

Dentro de este grupo de xacementos destaca o lugar de As Lamas onde foron recuperados 240 artefactos en cuarcita (96,7%) e seixo (2,1%). No conxunto destacan os artefactos configurados, ben sobre canto ou lasca (27,9% e 29,2%, respectivamente), sobre os núcleos e produtos de talla. As estratexias de explotación documentadas son moi simila-

res ás das outras localizacións co predominio de estratexias bifaciais ortogonais e centrípetas. A importancia dos restos corticais nas caras dos núcleos xunto co seu mediano formato indican que foron abandonados nos momentos iniciais ou medios da fase de redución, atopándose en moi poucos casos núcleos completamente esgotados. Nos configurados sobre canto (BN1XC) os morfotipos máis frecuentes son os triedros (n=14), bifaces (N=12), *chopping-tools* (N=3), denticulados (n=3) e raedeiras (n=3), tendo un formato medio de 121,1 x 85,5 x 41,7 mm. Os configurados sobre lasca de gran formato seguen o mesmo patrón que as BN1XC, con triedros (n=6), bifaces (=2) e un fendedor, mantendo unhas dimensións moi semellantes (116,1x 77,3 x 35,4 mm). En xeral presentan uns gumes e arestas sinuosas escaseando os retoques de regularización das segundas. Na configuración das lascas retocadas de pequeno formato (BN2XC) buscan a obtención de gumes laterais diédricos (raedeiras) ou denticulados (muecas e denticulados).

Nos lugares de O Regueiral, As Gandariñas de Arriba, Monte de San Roque e algunhas dispersións de Gullade tense documentado a presenza de conxuntos adscritos ao Modo 3 tecnolóxico, que mostran certas diferenzas tecnolóxicas e morfolóxicas con respecto aos anteriores (Fig. 4). O xacemento máis salientable é o de O Regueiral onde foron recuperados 21 artefactos, dous deles en contexto estratigráfico aínda que vinculados a niveis coluviais. Preto do corte, a uns 250 metros, descubriuse unha importante concentración de artefactos, O Regueiral-II, cuxo contexto xeolóxico e características morfotécnicas dos líticos presentan grandes similitudes cos materiais atopados no devandito corte. Nestes conxuntos as estratexias predominantes na redución dos núcleos son as discoidais e centrípetas, aparecendo núcleos con xerarquización na explotación das caras e predeterminación morfolóxica dos produtos finais (*levallois*). Estas estratexias non só quedan testemuñadas a través das BN1XE senón que tamén aparecen produtos predeterminantes (BP desbordantes) ou predeterminados (BP Levallois). As estratexias lonxitudinais e ortogonais seguen presentes nos conxuntos aínda que nunha menor porcentaxe. En canto á configuración, o obxectivo principal xa non é a realización de grandes instrumentos configurados como bifaces ou triedros, senón á obtención de BN2XC de pequeno formato con gumes laterais (especialmente os denticulados, marcas e raedeiras)




Fig. 3. Materiais de Chao de Fabeiro (números 1 e 3) e As Lamas.



e pequenas puntas despexadas. Estas diferenzas na explotación e configuración tamén se aprecian no formato dos soportes, reducíndose sensiblemente con respecto aos conxuntos anteriores, cunha media de 38,2 x 31,2 x 14 mm. e 66 x 45,5 x 21,3 mm nas BN2XC de As Gandrañas e O Regueiral, respectivamente.

Finalmente, nas intervencións do último ano descubrimos dous conxuntos adscritos a momentos finais do Paleolítico Superior ou Epipaleolítico (Modo 4) (Fig. 5). No lugar de *Áspera* foron recuperadas varias pezas en posición estratigráfica asociadas a un depósito de vertente xunto con varias lascas e un percusor no derrame do corte. Entre elas destacan dous pequenos núcleos de laminiñas, un en cuarcita de grao fino e outro nun prisma de cristal de rocha. No Monte de Valverde, nun rechán a media ladeira, foi localizada unha importante concentración de materiais en seixo (40%), cuarcita de grao fino (24%), cuarcita (14,7%), cristal de rocha (14,7%), e sílex (6,7%). A concentración espacial dos achados, o escaso rodamento das pezas, a presenza de restos de talla de pequenas dimensións (< 5 mm.) e a frescura das pezas fan pensar na existencia dun xacemento en posición primaria. Futuras sondaxes corroborarán esta hipótese e a importancia do xacemento. Con respecto ao tipo de artefactos, están representadas tódalas categorías estruturais, especialmente os produtos de talla e fragmentos, que supoñen o 64%, indicando a presenza de cadeas operativas completas. Nos esquemas operativos destacan os núcleos de laminiñas, fragmentos de laminiñas, láminas e elementos de dorso en cristal de rocha e cuarcita de grao fino, mentres que os esquemas de redución do seixo están baseados en esquemas discoidais e na redución sobre bigornia para a produción de soportes espesos e con bos gumes laterais. Esta dicotomía tamén se aprecia na configuración onde os elementos en seixo en cuarcita céntranse nos soportes tipo lasca para a obtención de denticulados, raedeiras e raspadores, mentres que no cristal de rocha o obxectivo son as laminiñas e elementos de dorso. Non foi atopado ningún xeométrico no conxunto.

Fora do ámbito da Depresión de Monforte foi revisado un asentamento descuberto no ano 2003 pola empresa *Ambiotec* na Depresión de Quiroga. Esta depresión atópase no val do río Sil aínda que comparte a mesma orixe xenética que a bacía monfortina, separadas




Fig. 4. Materiais de O Regueiral (1 e 2), Gándara Chá (6 e 2), As Gandarillas (número 3); Gullade-III (4 e 5).

ambas tralo alzamento alpino (Yepes Temiño, 1998). O xacemento de A Gándara Chá atópase no lugar da Hermida, nas vertentes norte da Depresión que conducen cara á Serra do Courel. Se ben no momento da descuberta foron recollidas nove pezas, entre elas un bifaz e un pico sobre lasca, un canto tallado e dous núcleos prismáticos, unha nova revisión aportou 31 novos obxectos en seixo (61,2%) e cuarcita (41,8%), cun escaso rodamento nas súas arestas. En xeral a industria presenta un formato pequeno (50 x 46,5 x 21,5 mm) cunha importante presenza das BP (75%). En canto ás estratexias de explotación atopamos núcleos unifaciais con extraccións lonxitudinais (n=2), BNE discoides (n=1), así como os produtos propios destas estratexias (BP desbordantes, dorso natural, etc.). Soamente hai dous configurados, un sobre canto (BN1XC) e outro sobre lasca (BN2XC denticulada). As características xerais das pezas son moi semellantes ás da maioría das dispersións monfortinas, aínda que o seixo alcanza unha maior importancia, o formato das pezas é menor, a presenza de grandes configurados é máis discreta (10% contando cos obxectos da primeira intervención) e os produtos discoidais acadan unha maior representación que nas estacións de Monforte adscritas ao Modo 2.

## OS ASENTAMENTOS EN COVA NAS SERRAS ORIENTAIS

Como vimos anteriormente, as cavidades nas serras orientais ofrecen unha gran posibilidade de estudo das ocupacións paleolíticas. Dentro do marco de investigación do presente proxecto realizáronse dúas pequenas sondaxes na cova de Valdavara (Becerreá) e Cova de Xato (Folgozo do Courel) (Fábregas, et al., en prensa). Con anterioridades, as principais intervencións arqueolóxicas en cavidades calcarias realizáronse nas marxes occidentais das formacións (Cova da Valiña en Castroverde, e Cova Eirós en Triacastela,) ou meridionais (Serra de Encina da Lastra en Rubiá, Ourense). Nembargante, os principais datos paleontolóxicos proviñan de covas situadas no interior das Serras do Courel e Ancares (Cova de Tras da Lastra, Liñares Sur, Valdeabraira, etc.). Xa que logo, as nosas intervencións nas cavidades destas serras procurarán relacionar os datos arqueolóxicos cos paleontolóxicos e xeolóxicos de cara a reconstruír o contexto paleoambiental e a




Fig. 5. Materiais de Valverde e Áspera (Número 9) e fotografias de núcleo e fragmento proximal de laminiña en cristal de rocha.

súa influencia na evolución das estratexias de ocupación e subsistencia das comunidades humanas.

A Cova de Xato localízase a uns 400 metros do lugar de Noceda (Folgozo do Courel, Lugo), a 1080 metros de altitude, na formación das calcarias de Cándama (Cámbrico Inferior). A entrada da cavidade, orientada cara o NW, é de medianas dimensións aínda que se atopa parcialmente tapiada por un muro de cachotaría. Está formada por unha longa galería duns 40 metros de lonxitude e catro metros de anchura máxima. Existen dous grandes conos ou aportes de sedimentos diferenciados. Por unha banda temos o cono de entrada da cavidade que penetra uns dez metros cara o interior. Dende o fondo da cova baixa un cono de recheo sedimentario que é cuberto polo procedente da entrada. Os sedimentos de ambos presentan características moi diferentes (tipo de sedimento, cor, compactación), o que unido á súa inclinación semella indicar dúas orixes diferentes. Tanto no teito como nas paredes da cova atópanse varias sinais da incidencia de fortes procesos erosivos que afectaron ao recheo orixinal da cavidade. Realizáronse catro pequena catas, dúas de 2x1 m. na entrada (Cata 1 e Cata 2), e outras dúas no interior da cova (Cata 3 e Cata 4), nun relanzo de sedimento pendurado nun dos laterais.

A sondaxe na parte exterior da entrada non aportou elementos arqueolóxicos, atopándonos cun recheo de orixe periglacial de gran potencia (3,5 metros), sen chegar a esgotalo. Na cata do interior da entrada (Cata 2), apareceu un fogar no nivel 2 asociado a unha pequena cubeta con restos de fauna e materiais cerámicos, un deles un fragmento de T.S.H.T, que nos remite a unha ocupación do século IV da nosa era. Debaixo da cubeta un límite erosivo marca o cambio da dinámica sedimentaria. No nivel 3, de limos e areas finas moi semellantes aos do interior da cova, apareceu un cranio e un úmero de *Ursus arctos*, a dous metros de profundidade con respecto ao chan. Nas Catas 3 e 4 foron localizados varios restos óseos no que semellan ser os vestixios dunha oseira. Tódolos restos identificables correspóndense có xénero *Ursus sp.*, salvo as pezas dentais de gran tamaño (I3, M1, M2 e M3) que permiten adscribilos á especie *Ursus spelaeus*. A importancia destas catas radica no achado de dúas diáfises que presentan fracturas en fresco así como as características marcas de corte feitas



por unha ferramenta lítica. Se ben non foi localizado ningún artefacto lítico, as marcas de corte evidencian unha ocupación humana puntual, que debido á súa relación estratigráfica cos restos de *Ursus spelaeus* remítenos a un momento indeterminado do Pleistoceno Superior.

A Cova de Valdavara sitúase no concello de Becerreá (Lugo), na marxe dereita do río Cruzul, afluente do Navia. A cavidade ábrese nas calcarias do Cámbrico Inferior-Medio (Calizas de Vegadeo), que afloran ao longo dunha ampla franxa de trazado NNO-SSE. Os datos preliminares indican que se trata dun complexo sistema cárstico, no que en principio foi posible identificar dúas cavidades: *Valdavara 1*, que corresponde á cova xa coñecida, e *Valdavara 2*, que é unha fisura situada a poucos metros por debaixo da anterior e da que non se tiñan referencias. As intervencións arqueolóxicas neste xacemento iniciáronse no ano 2007, se ben xa anteriormente se tiñan noticias da existencia de restos arqueolóxicos na cavidade. A actuación tivo un carácter preliminar, co obxectivo fundamental de documentar a secuencia estratigráfica do xacemento e obter unha primeira serie de datacións radiométricas.

En *Valdavara 1* iniciouse unha sondaxe que non acadou a base da secuencia. Por agora identificáronse catro unidades estratigráficas, que poden agruparse en dous conxuntos netamente diferenciados. Deixando a un lado a capa revolta superficial (nivel 1), os dous primeiros niveis (2 y 3) poden atribuírse á Prehistoria recente, tanto polo material arqueolóxico asociado como polas datacións radiométricas. Destaca a aparición de varios restos humanos que apuntan a un uso funerario da cavidade durante este período, se ben de momento só foron recuperados restos de pequenas dimensións (falanxes e pezas dentais). Por debaixo destes niveis documéntase un segundo conxunto estratigráfico do que soamente escavouse a parte superior (nivel 4). En contacto erosivo coa unidade supraxacente, o nivel 4 está formado por limos de cor alaranxada que contrastan marcadamente co sedimento marrón escuro das unidades superiores. O rexistro arqueolóxico tamén reflexa unha clara ruptura, xa que está constituído por pezas de industria lítica en sílex e restos de fauna, desaparecendo a cerámica e diminuíndo sensiblemente a presenza de industria en seixo. O aspecto paleolítico deste conxunto foi confirmado polas datacións  $^{14}\text{C}$  (AMS), que apuntan a unha cronoloxía propia de finais do Magdaleniense Inferior ou




Fig. 6. Materias primas por xacementos na Depresión de Monforte.

comezos do Magdalenense Medio.

Por outra banda, a sondaxe efectuada en *Valdavara 2* permitiu confirmar a presenza de rexistro arqueolóxico nesta segunda cavidade. Ata o momento foron identificadas tres unidades estratigráficas, que proporcionaron un conxunto formado case que exclusivamente por restos óseos. Como en *Valdavara 1*, tamén foi observada unha utilización da cavidade como lugar de enterramento, se ben neste caso os restos humanos son moito máis abundantes e corresponden tanto a elementos craniais como postcraniais. Estes restos semellan corresponderse cando menos a un individuo infantil. A ausencia de elementos de cultura material asociados a esta inhumación dificultou nun principio a súa asignación cronolóxica, pero os resultados das datacións radiométricas indican claramente que se trata dun enterramento da Idade do Bronce.

## DISCUSIÓN DOS DATOS

Se ben o proxecto de investigación atópase nas súas primeiras fases, os traballos levados a cabo durante estes dous anos permiten albiscar a importancia do poboamento paleolítico na cunca media do Miño. Por unha banda, desenrólase unha intensa ocupación nas

depresións terciarias de Monforte e Quiroga que semella ter un carácter continuado dende os momentos iniciais do Pleistoceno Medio ata os momentos finais do Pleistoceno Superior ou inicios do Holoceno, o que a converte nunha zona única na investigación paleolítica do NW peninsular. As aproximacións realizadas permiten ollar unha serie de tendencias na evolución nos comportamentos tecnolóxicos e ocupacionais destas comunidades que futuras sondaxes e escavacións axudarán a corroborar.

Xa comentamos as principais diferenzas tecnolóxicas observadas nas distintas dispersións adscritas ao Modo 2 e Modo 3. Xunto á diminución na porcentaxe dos grandes obxectos configurados como *choppers*, bifaces, triedros e fendedores, obsérvase unha paulatina redución no formato dos produtos e soportes. As estratexias de configuración nos conxuntos adscritos ao Modo 3 céntranse nos pequenos instrumentos sobre lasca (BN2XC), especialmente na elaboración de denticulados e raedeiras. Nas estratexias de redución obsérvase un retroceso dos núcleos con extraccións ortogonais e lonxitudinais en favor da presenza de núcleos e produtos discoidais ou centrípetos. Ata a presente data a técnica *levallois* só está representada nun número escaso de núcleos e produtos de talla. Os conxuntos de Valverde e Áspera (Modo 4) rachan con esta dinámica introducindo novidades tecnolóxicas baseadas na produción microlaminar, aínda que o método discoidal e a técnica bipolar seguen a ser empregados para obter soportes de maior formato.

Esta evolución tecnolóxica vai parella á xestión e abastecemento das materias primas (Fig. 6). Se ben a cuarcita é a materia predominante, existe unha maior selección técnica dos materiais. Nos conxuntos adscritos ao Modo 2, como As Lamas, a materia prima maioritaria é a cuarcita de calidade media/baixa, cunha granulometría media/grosa e fisuras internas. Nembargante, nos conxuntos do Modo 3 (As Gandariñas e O Regueiral) a cuarcita de grao fino, cunha menor granulometría e gran homoxeneidade, vai adquirindo maior importancia. Do mesmo xeito o seixo é cada vez máis empregado. Este último feito podería ser explicado polas diferenzas na litoloxía dos conglomerados dos sectores norte e sur da Depresión de Monforte, onde a cuarcita de grao fino e o seixo de maior calidade atópanse mellor representados



na zona sur. Sen embargo, o lugar de O Regueiral, situado no sector norte, indica que o condicionante litolóxico non é suficiente por si mesmo para explicar esta tendencia. Nos xacementos de Valverde e Áspera as novas necesidades tecnolóxicas (producción microlaminar) implican unha selección máis coidadosa da calidade da materia prima, testemuñada por un incremento na utilización da cuarcita de grao fino, así como na incorporación de novos materiais, como o cristal de rocha e o sílex, o que constata un claro cambio nas estratexias de abastecemento, ligado a un Sistema Técnico máis esixente no relativo á calidade dos materiais.

Tamén se produce un cambio nos patróns de asentamento. Así como as dispersións do Paleolítico Inferior e Medio distribúense polo interior e marxes da bacía monfortina, os xacementos adscritos ao Modo 4 sitúanse en recháns a media ladeira que controlan visualmente as valgadas de tránsito entre os dous sectores da Depresión de Monforte. Deste xeito, os criterios de proximidade a cursos de auga e fontes de materia prima semellan supeditados aos criterios de control e visibilidade das principais vías de tránsito (Fig 2). Aspecto que tamén aparecen nos asentamentos da Serra do Xistral (Ramil Rego e Ramil Soneira, 1996; López Cordeiro, 2002).

As intervencións nas covas de Valdavara e Cova de Xato poñen de manifesto o potencial arqueolóxico das formacións kársticas do sector oriental de Galicia, especialmente no que respecta ao achado de evidencias paleolíticas, ata agora concentradas principalmente en xacementos ao aire libre e en abrigos rochosos cun único nivel ocupacional. Entre os resultados desta primeira campaña de intervencións na Cova de Valdavara destaca especialmente o achado de evidencias correspondentes ao Paleolítico Superior, un período moi pouco documentado ata agora no territorio galego. Por primeira vez en Galicia obtense datas dentro do rango cronolóxico característico das fases iniciais da secuencia magdaleniense sen desbotarse a existencia de episodios de ocupación aínda máis antigos, que posteriores traballos permitirán contrastar. Os asentamentos en covas da cunca media do Miño mostran unha ampla dispersión territorial que abrangue dende cavidades situadas a cotas medias e baixas (450-750 metros) como a Cova da Valiña, Cova Eirós e Valdavara, ata altitudes que superan os mil

metros, como testemuña a presenza puntual en Cova de Xato. Á súa vez, o amplo rango cronolóxico e o carácter reiterativo das ocupacións das cavidades dende momentos do Pleistoceno Superior ata momentos avanzados da Prehistoria recente, amosan a importancia de este tipo de localizacións durante toda a Prehistoria, sexa para usos domésticos ou funerarios (vid. Fernández Rodríguez e Villar Quinteiro, 2003). O estudo conxunto da evolución climática e a procura de novos asentamentos en cova, malia da influencia dos contornos glaciais e os procesos erosivos asociados a eles, testemuñados na Cova de Xato, pode aportar unha grande información sobre a capacidade de adaptación e dispersión das comunidades paleolíticas do NW peninsular así como a súa relación cos asentamentos ao aire libre documentados no interior de Galicia.

Tendo en conta a situación da Cova de Valdavara na cunca do Navia, río cantábrico que desemboca no occidente de Asturias, unha liña de investigación futura irá encamiñada a establecer as posibles relacións entre o rexistro de Valdavara e a rica secuencia do Magdaleniense cantábrico. Neste senso, o río Navia podería ter funcionado durante o Paleolítico como unha vía de paso natural que poría en comunicación a cornixa cantábrica e o val do Miño. Se ben as referencias de xacementos do Paleolítico Superior son escasas na parte occidental da comunidade asturiana, as evidencias son abundantes na zona central e oriental, na que se localizan varios xacementos con secuencias do Magdaleniense Inferior e Medio que arroloxaron datas similares ás do nivel 4 de Valdavara. Entre estes xacementos temos que destacar especialmente os de Las Caldas, La Güelga, Tito Bustillo e La Viña (Corchón Rodríguez, 1999; Menéndez Fernández, *et al.*, 2005; Utrilla, 1981).

As ocupacións da *Depresión de Monforte* remítennos, Miño abaixo, aos xacementos das penchairas ourensáns (Pazos, A Chaira, A Piteira) (López Cordeiro, 1997; Villar Quinteiro, 1997) así como aos numerosos xacementos do tramo do Baixo Miño (Aguirre, 1964, Vidal Encinas, 1982a; 1982b). A súa vez, seguindo o val do Sil, atopamos as ocupacións da *Depresión de Quiroga* que poderían relacionarse cos achados paleolíticos da bisbarra do Barco de Valdeorras e os asentamentos na Serra de Enciña da Lastra (Fernández Ibañez, *et al.*, 1996;

Fernández, et al., 1993), para dar paso ao NE da Meseta Norte (Neira Campos e Bernaldo de Quirós, 1996). Os xacementos de Valverde e Áspera, tanto polas estratexias tecnolóxicas como na xestión das materias primas e territorio estarían relacionados cas ocupacións do Paleolítico Superior final da Serra do Xistral.

A secuencia das ocupacións paleolíticas da cunca media do *Miño* remóntase a momentos iniciais do Pleistoceno medio ata os momentos finais do Pleistoceno Superior ou inicios do Holoceno. Se ben no rexistro dos asentamentos ao aire libre semella existir un hiato en torno os inicios do Paleolítico superior, os xacementos en cova axudan a enche-lo coas ocupacións de inicios do Paleolítico Superior (Cova da Valiña, Cova Eirós) e Magdalenense (Valdava). Deste xeito, os novos achados completan o mapa das ocupacións paleolíticas do NW peninsular, permitindo albiscar e artellar a evolución das estratexias de subsistencia, tecnolóxicas e patróns de asentamento das comunidades do Pleistoceno.

## AGRADECEMENTOS

Este traballo enmárcase no proxecto de investigación *Ocupaciones humanas durante el Pleistoceno de la Cuenca media del Miño* financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia e fondos FEDER da UE (HUM2007-63662/HIST). Os traballos arqueolóxicos foron realizados grazas á colaboración dos Concellos de Monforte de Lemos, Becerreá e Folgoso do Courel, así como do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Monforte.

**BIBLIOGRAFÍA**

AGUIRRE, E. (1964): *Las Gándaras de Budiño Porriño (Pontevedra)*. Ministerio de Educación Nacional. Dirección General de Bellas Artes. Servicio Nacional de Excavaciones Arqueológicas., Madrid.

CORCHÓN, M. S. (1999): Solutrense y Magdaleniense del oeste de la cornisa cantábrica: dataciones 14C (calibradas) y marco cronológico . *Zephyrus*, 52, pp. 3-32.

COSTA CASAS, M., R. BLANCO CHAO e A. PÉREZ ALBERTI (1998): Aplicaciones de la geomorfología al estudio de un yacimiento arqueológico. *Gallaecia* 17, pp. 9-28.

FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. TERRADILLOS BERNAL, M. R. SERNA GONZÁLEZ e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (e.p.): Aportacións ao estudo da Prehistoria da cunca media do Miño. Os asentamentos en cova e ao aire libre. *Gallaecia* 27.

FÁBREGAS VALCARCE, R.; T. LAZUÉN FERNÁNDEZ; A. DE LOMBERA HERMIDA; J. A. PE A ALONSO; A. PÉREZ ALBERTI; X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN e M. TERRADILLOS BERNAL (2007): Novos achados paleolíticos no interior de Galicia. A Depresión de Monforte de Lemos e as súas industrias líticas. *Gallaecia* 26, pp. 7-33.

FERNÁNDEZ IBA EZ, C.; A. SEARA CARBALLO e F.FERNÁNDEZ PÉREZ (1996): Achados paleolíticos da bisbarra de Valdeorras (Ourense). *Larouco* 2, pp. 15-32.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1993): Los Macromamíferos del Pleistoceno y Holoceno Inicial en el Noroeste Peninsular . En PÉREZ ALBERTI, A; GUITIÁN RIVERA, J. e RAMIL REGO, P. (eds.): *La evolución del paisaje en las Montañas del entorno de los Caminos Jacobeos.*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, pp. 183-191.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. e R. VILLAR QUINTEIRO (2003): Prospección y excavación de cuevas en la cuenca del Sil (Rubiá, Ourense): La Pala da Vella. *Brigantium* 14, pp. 13-22.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C; R. VILLAR QUINTEIRO e C. LLANA RODRÍGUEZ (1993): Prospección arqueológica de cavidades en la Sierra de la Encina de la Lastra (Rubiá, Ourense): Primeros resultados . *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, pp. 43-48.

GRANDAL D´ANGLADE, A. (1997): Condiciones en la distribución de macromamíferos en Galicia (NW Península Ibérica) durante el Cuaternario Superior. *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 22, pp. 43-66.

LLANA RODRÍGUEZ, C. e M. J. SOTO BARREIRO (1991): *Cova da Valiña (Castroverde, Lugo) : un xacemento do Paleolítico Superior Inicial en Galicia : (campañas de 1987 e 1988)*. Consellería de Cultura, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

LÓPEZ CORDEIRO, M. M. (1997): Aproximación a la problemática del Paleolítico Inferior gallego: estudio de la cuenca media del Miño. *Gallaecia* 17, pp. 49-67.

LÓPEZ CORDEIRO, M. M. (2002): Ocupación de espacios graníticos en la Sierra de Xistral: El área arqueológica de Nordés (Valadouro, Lugo). *Gallaecia* 21, pp. 61-86.

LÓPEZ GONZÁLEZ, F. e A. GRANDAL D ´ ANGLADE (1998): Datos sobre *Cervus elaphus* (Cervidae, artiodactyla. mammalia) en cavidades cársticas de Galicia. *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 23, pp. 201-214.

MENÉNDEZ FERNÁNDEZ, M.; GARCÍA SÁNCHEZ E. e QUESADA, J. M. (2005): Magdaleniense inferior y territorialidad en la Cueva de La Güelga (Asturias) . En BICHO, N. F (ed.): *O Paleolítico. Actas do IV Congreso de Arqueología Peninsular (Faro, 14 a 19 de Setembro de 2004)*, Faro, Universidade do Algarve, pp. 63-75

NEIRA CAMPOS, A. e F. BERNALDO DE QUIRÓS (1996): El Paleolítico en la provincia de León . *Historia de León a través de la arqueología*. Junta de Castilla y León, Valladolid, pp. 15-28.

OLMO SANZ, A. (1985): Estudio Geológico-sedimentario de las cuencas terciario-cuaternarias de Monforte de Lemos, Maceda y Quiroga. *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 10, pp. 83-93.

PÉREZ ALBERTI, A.; GUITIÁN, L. e RAMIL REGO, P. (1993): *La Evolución del Paisaje en las Montañas del Entorno de los Caminos Jacobeos*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

PÉREZ ALBERTI, A. e M. VALCARCEL DÍAZ (1997): Caracterización y distribución espacial del glaciario pleistoceno en el Noroeste de la Península Ibérica . *Las huellas glaciares de las montañas españolas* . Santiago de Compostela, pp. 17-62.

RAMIL REGO, E. e J. RAMIL SONEIRA (1996): El fin de los tiempos glaciares en Galicia. Magdaleniense y Epipaleolítico. En FÁBREGAS VALCARCE, R. (ed.): *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. Edicións do Castro, Sada. 73, pp. 117-147.

SANTANACH PRAT, P. (1994): Las Cuencas Terciarias gallegas en la terminación occidental de los relieves pirenaicos. *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 19, pp. 57-71.

TABOADA CASTRO, M. T. e B. SILVA HERMO (1999): Factores de formacións y propie-

dades de los suelos formados sobre calizas de Galicia. *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 24, pp. 121-139.

TORRE ENCISO, E. (1962): Hallazgo de dos molares de Mamut (*Elephas primigenius*), en una cantera de Buxán, Lugo. *Notas y comunicaciones del I.G.M.E.* 65, pp. 111-118.

UTRILLA, P. (1981): *El Magdaleniense Inferior y Medio en la costa cantábrica*. Centro de Investigación y Museo de Altamira. Monografías, 4. Santander: Ministerio de Cultura.

VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1973): Contribución al Estudio del Paleolítico Gallego: La comarca del río Arenteiro. *Cuaderno de Estudios Gallegos XXVIII*, pp. 13-22.

VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A. (1988): Os materiais arqueolóxicos das covas da Serra da Encina da Lastra. *Furada, Revista dos Espeleólogos Gallegos* 2, pp. 35-40.

VIDAL ENCINAS, J. M. (1982a): Las Gándaras de Budiño: Balance preliminar de dos campañas de excavaciones (1980-1981). *El Museo de Pontevedra XXXVI*, pp. 91-114.

VIDAL ENCINAS, J. M. (1982b): O Paleolítico Inferior no Baixo Miño, marxe galega: Unha aproximación. *Brigantium* 3, pp. 7-32.

VIDAL ROMANÍ, J. R.; J. YEPES TEMI O e R. RODRÍGUEZ MARTÍNEZ CONDE (1998): Evolución Geomorfológica del macizo Hespérico Peninsular. Estudio de un sector comprendido entre las provincias de Lugo y Ourense (Galicia, NW de España). *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 23, pp. 165-199.

VIDAL ROMANÍ, J. R., D. FERNÁNDEZ MOSQUERA, K. MARTI e A DE BRUM FERREIRA (1999): Nuevos datos para la cronología glaciár pleistocena en el NW de la Península Ibérica. *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 24, pp. 7-29.

VILLAR QUINTEIRO, R. (1997): El Paleolítico Inferior y Medio en Ourense. *II Congreso de Arqueología Peninsular. Zamora, 1996. Vol I.*, pp. 15-26.

VILLAR QUINTEIRO, R. (2003): Intervención arqueológica en la Cova do Rei Cintolo (Mondoñedo, Lugo): Resultados preliminares de la campaña del año 2002. *CROA* 13, pp. 57-72.

VILLAR QUINTEIRO, R. (2007): La Cueva del Rei Cintolo (Lugo, Galicia): algunos datos cronoarqueológicos de la galería superior. *Gallaecia* 26, pp. 31-53.

YEPES TEMI O, J. (1998): *Geomorfología de un sector comprendido entre las provincias de Lugo y Ourense, Galicia*. Tesis Doctoral. Universidad Complutense de Madrid